



RESOLUCIÓN

Vistas as **BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE PROMOCIÓN E APOIO AO DEPORTE NO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2024**, co seguinte literal:

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DE PROMOCIÓN E O APOIO AO DEPORTE NO CONCELLO DE PONTEAREAS 2024

O Concello de Ponteareas, é consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas disciplinas, así como da súa importancia para o municipio como impulso económico e promocional da vila. Coñecedor da necesidade do apoio das institucións para promover a actividade deportiva, o Concello establece as bases reguladoras de concesión de subvencións públicas destinadas a promover, fomentar e impulsar as actividades deportivas segundo os principios de rigor, obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Estas axudas rexeranse polas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

A finalidade desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencións dirixidas a clubs deportivos sen ánimo de lucro e deportistas individuais para a promoción da actividade deportiva en todas as súas modalidades no Concello de Ponteareas.

Os clubs deportivos que participen nesta convocatoria integraranse de xeito automático no rexistro municipal de entidades deportivas do Concello de Ponteareas.



Segunda. Financiamento e distribución orzamentaria

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convócanse con cargo ás aplicacións 2024-34000-4890101-01 por un total de 200.000 euros con cargo ao orzamento municipal para o ano 2024.

O orzamento total das axudas distribuirase en tres liñas:

Liña 1: Funcionamento dos clubs deportivos

170.000,00 euros

Liña 2: Apoio a deportistas individuais:

18.000,00 euros

Liña 3: Apoio deporte do Motor:

12.000,00 euros

Terceira. Beneficiarios

En función da liña de axudas, poderán beneficiarse desta convocatoria os clubs deportivos ou deportistas individuais que cumpran as seguintes condicións:

Liña 1: Funcionamento dos clubs deportivos

- Clubs deportivos sen ánimo de lucro, legalmente constituídos e con domicilio fiscal no Concello de Ponteareas.

Liña 2: Apoio a deportistas individuais

- Deportistas empadroados no Concello de Ponteareas cunha antigüidade mínima dun ano a contar desde a data de publicación desta convocatoria.
- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente. Non se inclúen nesta liña aos pilotos de rally nin outros deportistas relacionados co deporte do motor.
- Non estar incluído no programa de deporte de alto rendemento olímpico.
- Non sufrir sanción ou descalificación por comportamento antideportivo.
- Participación en campionatos oficiais internacionais, nacionais ou autonómicos, e convocatorias coas seleccións galega ou española na súa especialidade. Esta participación sera a título individual e non como representante do club ao que pertence.



- Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria as/os deportistas que participen en competicións por equipos de carácter oficial en formato de ligas regulares.

Liña 3: Apoio ao deporte do Motor

- Deportistas empadroados no Concello de Ponteareas cunha antigüidade mínima dun ano a contar desde a data de publicación desta convocatoria e que estexan en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente, realciionad co deportes do motor.
- Non sufrir sanción ou descalificación por comportamento antideportivo.
- Participación en campionatos oficiais internacionais, nacionais ou autonómicos,

As entidades e deportistas beneficiados nas tres liñas de axudas, teñen que estar no momento da resolución definitiva de concesión das axudas ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e co Concello de Ponteareas, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa administración local.

Ademais, non teñen que estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no seguinte período de tempo:

Liña 1: Funcionamento dos clubs deportivos

- Gastos producidos entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024.

Liña 2: Apoio a deportistas individuais

- Gastos producidos entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024.

Liña 3: Apoio ao deporte do motor

- Gastos producidos entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024.





A efectos destas bases, subvencionaranse os gastos de participación e adestramentos, dos equipos e deportistas do club en competicións oficiais organizadas polas federacións correspondentes, sendo estes os seguintes:

- Gastos federativos. Serán os gastos que correspondan a gastos emitidos polas federacións deportivas da actividade deportiva subvencionada.
- Gastos de competición e adestramento. Serán os gastos que correspondan a desprazamentos, aloxamento, alugueiro de instalacións deportivas ou equipamento relacionados coa actividade deportiva subvencionada .
- Gastos de persoal. Serán os gastos que correspondan a soldos, salarios ou retribucións unicamente dos deportistas, técnicos, adestradores, ou calquera outro axente necesario para a práctica da actividade deportiva subvencionada.
- Gasto de material deportivo. Os que correspondan a vestimenta e equipamento deportivo, así como, a reparación e mantemento do material deportivo necesario para a práctica deportiva subvencionada.

Todos estes gastos se considerarán subvencionables cando superando o importe de 300,00 euros, páganse por medio de entidade financeira. Con carácter excepcional, admitiranse pagos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non superen os 300,00 euros. Neste caso, o pago xustificárase mediante a factura asinada polo provedor.

Quinta. Importe máximo das subvencións

En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.

O importe das subvencións calcularase de acordo cos criterios de valoración recollidos nestas bases. Establécese un importe máximo de subvención para cada liña:

Liña 1: Funcionamento dos clubs deportivos

- Importe máximo de 18.000,00 euros.

Liña 2: Apoio a deportistas individuais

- Importe máximo de 1.000,00 euros.

Liña 3: Apoio ao deporte do motor

- Importe máximo de 400,00 euros.



Sexta. Lugar, prazo de presentación e publicidade das subvencións

As solicitudes presentaranse de forma telemática a través da sede electrónica do Concello, no prazo de 20 días hábiles contados dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas que se detallan a continuación:

- CIF ou DNI da persoa física ou xurídica solicitante.
- DNI da persoa representante legal do club ou entidade.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e Concello de Ponteareas.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo expresamente na solicitude e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Oitava. Documentación

As entidades deportivas ou deportistas individuais presentarán de forma xeral a seguinte documentación:

- Anexo I: Solicitude.
- Anexo II: Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Anexo III: Relación de méritos en función aos criterios de valoración.



- Anexo IV: Orzamento de gastos e ingresos detallado e totalizado das actividades concretas e determinadas.
- Anexo V: Conta xustificativa de gastos e ingresos.
- Certificación do número IBAN da conta corrente da que sexa titular o solicitante.
- Estatutos da entidade no caso da liña 1.
- Deberase presentar acreditación da representación da entidade solicitante, soamente no caso de non utilizar certificado electrónico cualificado de persoa representante.

Todos aqueles criterios de valoración aos que concorran deberán ter algún tipo de xustificante válido.

Ademais de forma específica para a liña 2 e 3, presentarase:

- Copia da licenza federativa vixente que permite competir entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de agosto de 2024.
- Todos os méritos que se indiquen serán xustificados mediante certificación da federación deportiva correspondente ou documento dun organismo oficial que o acredite.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Novena. Criterios de valoración e calculo do importe das subvencións

Liña 1: Funcionamento dos clubs deportivos

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para asignar os importes, establécense os seguintes criterios:

Criterios de valoración específicos	Ponderación
Orzamento de gastos da entidade	50 puntos (50%)
Nº de licencias federativas	25 puntos (25%)
Organización de actividades	25 puntos (25%)
Total	100 puntos (100%)





O procedemento para determinar os puntos acadados por cada entidade polo orzamento da finalidade subvencionada establecerase ca seguinte formula:

*Puntos = orzamento de gastos presentado por cada club * 50 / sumatorio da totalidade de orzamentos de gastos presentados por todos os clubs*

Para determinar as puntuacións polas licenzas federativas que se indiquen nos correspondentes certificados federativos, seguirante os seguintes criterios:

Nº de licencias federativas	Puntos por licencia
>16 anos	3
Categorías base ata os 16 anos	1
Deporte adaptado	6
Femininas	6

*Puntos = total puntos por licencias federativas do club * 25 / sumatorio da totalidade dos puntos das licencias federativas de todos los clubs*

Para determinar as puntuacións polas actividades a realizar, terase en conta o numero de actividades cun máximo de tres, outorgando 1 punto por cada unha de elas.

*Puntos = total puntos por actividades a realizar * 25 / sumatorio da totalidade dos puntos das actividades a realizar pola totalidade de clubs*

- *O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado a esta liña entre os puntos totais dos clubs.*
- *O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.*

Liña 2: Apoio a deportistas individuais



Criterios de valoración específicos:	Puntos máximos
Participación nos campionatos do mundo e olimpíadas	50 puntos
Participación nos campionatos de Europa	40 puntos
Participación nos campionatos de España	30 puntos
Convocatoria coa selección Española	30 puntos
Convocatoria coa selección Galega	12 puntos
Total	162 puntos

Participación en campionatos (clasificación final):

Campionatos do mundo-olimpíadas (ata un máximo de 50 puntos)

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil	20 puntos	18 puntos	16 puntos	10 puntos	5 puntos
Sénior	30 puntos	28 puntos	26 puntos	15 puntos	8 puntos

Campionatos de Europa (ata un máximo de 40 puntos)

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil	15 puntos	13 puntos	11 puntos	8 puntos	3 puntos
Sénior	20 puntos	18 puntos	16 puntos	12 puntos	8 puntos

Campionatos de España (ata un máximo de 30 puntos)

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil	8 puntos	7 puntos	6 puntos	5 puntos	2 puntos
Sénior	12 puntos	11 puntos	10 puntos	9 puntos	5 puntos

Convocatorias oficiais coa selección da especialidade:

Selección Española (ata un máximo de 30 puntos)

CONVOCATORIAS	Unha	Máis dunha	Concentrado permanente
Xuvenil	5 puntos	7 puntos	14 puntos
Sénior	10 puntos	15 puntos	30 puntos

Selección Galega (ata un máximo de 12 puntos)

CONVOCATORIAS	Unha	Máis dunha	Concentrado permanente
---------------	------	------------	------------------------





Xuvenil	2,5 puntos	3,5 puntos	7 puntos
Sénior	4 puntos	6 puntos	12 puntos

- *O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado a esta liña entre 162.*
- *O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.*

Liña 3: Apoio ao deporte do motor

Craterios de valoración específicos:	Puntos máximos
Participación nos campionatos do mundo e olimpíadas	50 puntos
Participación nos campionatos de Europa	40 puntos
Participación nos campionatos de España	30 puntos
Participación nos campionatos autonómicos	20 puntos
Participación en outros campionatos	10 puntos
Total	150 puntos

- *O valor do punto calcularase dividindo o orzamento destinado a esta liña entre 150.*
- *O importe final das subvencións calcularase multiplicando a puntuación acadada por cada entidade polo valor do punto das axudas.*

Décima. Órgano competente e procedemento de concesión

A concesión das axudas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva. O órgano encargado da instrución do procedemento será a persoa técnica encargada do Departamento de Deportes do Concello de Ponteareas que acordará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.

Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución se realizarán na páxina web do Concello de Ponteareas e a través de notificación persoal.



Mediante proposta de resolución do Concelleiro de Deportes ou persoa en quen delegue, tras informe do instrutor, publicarase na páxina web do Concello a relación provisional e a posible documentación a requirir.

Contra a relación provisional abrirase un prazo de 5 días hábiles para que as/os beneficiarios poidan corrixir ou alegar sobre as consideracións realizadas.

Resoltas as alegacións publicarase a listaxe definitiva das solicitudes presentadas admitidas e excluídas, coa puntuación total asignada e a asignación económica.

Contra a listaxe definitiva abrirase un prazo de 5 días hábiles para que as/os beneficiarios poidan corrixir ou alegar sobre as consideracións realizadas.

O órgano instrutor, elaborará un informe previo sobre as solicitudes admitidas e as reclamacións sobre as puntuacións provisionais que se lle trasladarán á Comisión de Avaliación.

A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidencia: O Concelleiro de Deportes ou persoa en que delegue.

Vogais:

- Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de secretaría.
- Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de intervención.
- Un técnico municipal (con voz e sen voto) que actuará como secretario/a da Comisión Avaliadora.

Á hora da valoración, poderá estar presente calquera membro do goberno así como outros técnicos que a Comisión de Valoración estime oportuno, todos eles con voz pero sen voto.

Á vista do informe do instrutor do expediente, da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, o Concelleiro de Deportes elevará tanto a proposta provisional como definitiva de concesión ao 1º tenente de Alcaldesa previo informe da intervención municipal. O 1º tenente de Alcaldesa será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

Décimo primeira. Xustificación

As entidades beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

O prazo de presentación da xustificación será antes do 30 de setembro de 2024.



Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar unha conta xustificativa de gastos e ingresos (Anexo V).

Na xustificación de gastos, relacionaranse os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude.

No caso que se xustifiquen gastos por un importe igual ou superior ao do orzamento presentado, aboarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % do orzamento presentado, aboarase a parte proporcional da subvención.

Na conta xustificativa de gastos especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida. Con esta conta xustificativa deberánse presentar todas as facturas que se indicasen e un comprobante do seu pagamento.

Os gastos maiores de 300,00 euros deberánse aboar mediante transferencia bancaria para que se teñan en conta na xustificación. Con carácter excepcional, admitiranse pagos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non superen os 300,00 euros. Neste caso, o pago xustificárase mediante a factura asinada polo provedor.

Terase en conta como importe xustificativo a base imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante o certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta do IVE.

O pagamento realizarase unha vez que os/as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas.

A falla de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a perda da subvención.

Previa solicitude da/o interesada/o, a partir da publicación das listaxes definitivas, poderase anticipar o pago da subvención concedida, con carácter previo a xustificación, como financiamento necesario aos clubs e deportistas obxecto da subvención, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación





da subvención, tal como se establece no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de 2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de 2007, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, 29.01.2009) no artigo 63º. Pagos anticipados, artigos 1 e 2.

A solicitude vira acompañada dunha declaración responsable co compromiso de presentar os xustificantes de realización efectiva do gasto que se subvenciona e do importe concedido, así como a xustificación de participación ou organización de actividades segundo o caso, que deberán realizar antes do 31 de agosto de 2024.

De conformidade co artigo 34.4 da 38/2003 LXSE, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Estas solicitudes de pre pago, serán remitidas para a súa aprobación pola Xunta de Goberno, mediante proposta do Concelleiro de deportes, na que se farán constar o reflectido no apartado V punto V.2 da base 46 das bases de execución do orzamento municipal .

De acordo co estipulado na base 46. XII das bases de execución do orzamento municipal, a cantidade máxima que se anticipara correspondera ao 80% do importe adxudicado na subvención, eximindo aos solicitantes do anticipo, da presentación de garantía por tratarse dunha axuda con finalidade social.

Décimo segunda. Obrigacións das persoas ou entidades beneficiarias

Levar a cabo a actividade obxecto da subvención segundo as condicións establecidas.

Someterse a cantas actuacións de comprobación e control se consideren necesarias por parte do Concello de Ponteareas, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.

Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente.

Comprometerse a obrar e cumprir, en todo momento, con regras e valores do "Xogo Limpo", publicados polo Consello Superior de Deportes.



Incorporar a seguinte imaxe corporativa do Concello de Ponteareas na indumentaria, no equipamento e vehículos do club de ser o caso e nas instalacións deportivas onde realizan os seus adestramentos e competicións oficiais como locatario.



Concello de PONTEAREAS

Décimo terceira. Réxime sancionador

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións que se recollen nas presentes bases incluída a celebración das actividades obxecto da subvención

Décimo cuarta. Réxime xurídico

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Ponteareas, e demais normativa aplicable.

Décimo quinta. Disposicións adicionais

A presentación de solicitude de axuda económica leva implícita a autorización ao Concello de Ponteareas para que publique nos lugares indicados na base sexta a relación de beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas, coas excepcións previstas nas leis.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Ponteareas coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas



competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

Mediante a presentación da solicitude, a persoa beneficiaria autoriza ao Concello de Ponteareas para que utilice os Datos Persoais que aquel proporcione do seguinte xeito:

- Os datos que correspondan, poderán ser facilitados a diferentes administracións públicas, co fin de realizar os trámites necesarios inherentes á tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.
- Os datos persoais que figuren na solicitude poderán ser publicados na páxina web oficial do Concello de Ponteareas, con motivo da tramitación da axuda que motiva a recepción dos datos.

A persoa beneficiaria poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteareas.



ANEXO I – SOLICITUDE (Liña 1 e 3)

Liña 1: Funcionamento dos clubs deportivos

ENTIDADE SOLICITANTE

Denominación:

CIF:

Domicilio social:

Localidade:

Código postal:

Correo electrónico:

Teléfono:

REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Nome e apelidos:

DNI:

Cargo:

Declaro que:

- A entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.

Ponteareas, a de de 2024

Asinado:



A/A SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANEXO I – SOLICITUDE (Liña 2)

Liña 2: Apoio a deportistas individuais

PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacementos:

Domicilio:

Localidade:

Código postal:

Correo electrónicos:

Teléfono:

PERSOA REPRESENTANTE (incluír no caso de menores de idade)

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacementos:

Domicilio:

Localidade:

Código postal:

Correo electrónicos:

Teléfono:

Declaro que:

- Reúno todos os requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.

Ponteareas, a de de 2024

Asinado:



A/A SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANEXO I – SOLICITUDE (Liña 3)

Liña 2: Apoio ao deporte do motor

PERSOA SOLICITANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacementos:

Domicilio:

Localidade:

Código postal:

Correo electrónicos:

Teléfono:

PERSOA REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacementos:

Domicilio:

Localidade:

Código postal:

Correo electrónicos:

Teléfono:

Declaro que:

- Reúno todos os requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.

Ponteareas, a de de 2024





Asinado:

A/A SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE (Liña 1)

D. /D^a....., con DNI
nº....., como representante da entidade
deportiva

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE a entidade solicitante non se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións o axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste houberse adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclua o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. Letra b) do número 2 do artigo 10 redactada polo artigo 26 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas
- c) Dar lugar, por causa de que foran declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís o aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias o fronte a Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non atoparse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei o la Lei xeral tributaria.

Ponteareas, a de de 2024

Asinado:



A/A SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE (Liña 2 e 3)

D. /D^a....., con DNI nº....., DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE a persoa solicitante non se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións o axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que neste houberse adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal, sen que conclusa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. Letra b) do número 2 do artigo 10 redactada polo artigo 26 da Lei 12/2014, 22 decembro, de medidas fiscais e administrativas
- c) Dar lugar, por causa de que foran declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís o aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias o fronte a Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non atoparse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei o la Lei xeral tributaria.

Ponteareas, a de de 2024

Asinado:



A/A SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS
ANEXO III – RELACIÓN DE MÉRITOS (Liña 1)

Liña 1: Funcionamento dos clubs deportivos

CLUB:	CIF:
-------	------

Crterios de valoración específicos	Total
Orzamento de gastos da entidade	Euros
Nº de licencias federativas	
>16 anos	
Categorías base ata os 16 anos	
Deporte adaptado	
Femininas	
Numero de Actividades	

Ponteareas, a de de 2024

Asinado:



A/A SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANEXO III – RELACIÓN DE MÉRITOS (Liña 2)

Liña 2: Apoio a deportistas individuais

NOME E APELIDOS:	DNI:
------------------	------

Clasificación final:

Campionatos do mundo-olimpíadas

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil					
Sénior					

Campionatos de Europa

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil					
Sénior					

Campionatos de España

POSTO	1º	2º	3º	Entre 4º e 8º	Outros
Xuvenil					
Sénior					

Convocatorias oficiais:

Selección Española

CONVOCATORIAS	Unha	Máis dunha	Concentrado permanente
Xuvenil			
Sénior			

Selección Galega

CONVOCATORIAS	Unha	Máis dunha	Concentrado permanente
Xuvenil			
Sénior			

Ponteareas, a de de 2023



A/A SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE PONTEAREAS

Vistos os informes obrantes no expediente e en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente e polo Decreto de Alcaldía núm. 2023-2484, do 19 de outubro de 2023,

RESOLVO:

1º) Aprobar as BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DE PROMOCIÓN E APOIO AO DEPORTE NO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2024, tal e como figuran redactadas, e a súa convocatoria

2º) Publicar as mesmas no Taboleiro de anuncios municipal, na páxina web do Concello e remitir a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). .

3º) O prazo de admisión de solicitudes finalizará aos 20 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O 1º Tenente de Alcaldesa
Juan Carlos Gonzalez Carrera

Documento asinado electronicamente.



